**CONCELLO DE CEDEIRA** *(A CORUÑA)*
*Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06*
*C.I.F.: P-1502200-G*

ACORDOS DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA NOVE DE NOVEMBRO DE 2015.

PRESIDENTE
Sr. D. Pablo Diego Moreda Gil

CONCELLEIROS
Dona Mª José Rodríguez Pérez
Don José Camilo Casal García
Don Manuel Pérez Riola
AUSENTES: SECRETARIA:
Dona Ana Velo Ruiz

INTERVENTOR:
Don Jorge Manuel Vidal Zapatero

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Cedeira, ás dez horas e quince minutos do día nove de novembro de dous mil quince, reúnese a Xunta de Goberno Local co obxecto de realizar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Sres./Sras. concelleiros/as que se relacionan á marxe, actuando como Secretario o titular da Corporación dona Ana Velo Ruiz, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 113 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións da Xunta de Goberno Local, declara aberta esta, pasándose ó estudio e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

**1.- APROBACIÓN, SI PROCEDE, DA ACTA DE 26.10.2015**

De conformidade co preceptuado nos artigos 36 e 91 do R.O.F., a Presidencia pregunta se existe algunha obxección a acta da sesión realizada en data 26.10.2015 e ao non producirse ningunha, a Presidencia somete a votación ordinaria a súa aprobación, da que resulta aprobada por unanimidade dos Sres./Sras. Concelleiros/as.

**2.- APROBACIÓN DE FACTURAS**

Acordos adoptados:

Autorizar e dispoñer os gastos que se relacionan de seguido, e recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes, xuntando nun so acto as tres fases de execución do gasto a que se refire o artigo 67.1.b) do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, prestar aprobación ás facturas e os xustificantes que se citan, ordear o pago e que pola Tesourería Municipal se proceda o seu pagamento e contabilización con cargo ás partidas orzamentarias que se indican:

| Nº REX | Fecha Dto. | Texto Explicativo | Prg. | Ec. | Importe Total |
|---|---|---|---|---|---|
| F/2015/2050 | 21/10/2015 | FRA. 62970 16-10-2015 40 RODILLOS MAS PORTES | 341 | 22199 | 264,99 € |
| F/2015/2051 | 22/10/2015 | FRA. 001588 DE 07-10-15 250 GUANTES NITRILO | 231 | 22199 | 1.346,13 € |
| F/2015/2052 | 22/10/2015 | FRA. A/698-15 DE 20-10-2015 PELLET DE MADERA POLIDEPORTIVO | 341 | 22103 | 1.116,22 € |
| F/2015/2053 | 23/10/2015 | FRA. 1306 DE 15-10-2015 REARME DE EQUIPO DE AIRE ACONDICIONADO | 341 | 21300 | 84,29 € |
| F/2015/2054 | 26/10/2015 | FRA. A15/1251 DE 14-10-2015 TOALLERO E TOALLAWC ALCALDE | 920 | 22110 | 51,95 € |
| F/2015/2055 | 27/10/2015 | Fra. 10/2015 Aluguer mes de outubro 2015 Parque Sagrado Corazon | 231 | 20200 | 1.452,00€ |
| F/2015/2057 | 26/10/2015 | FRA. AA15001851 DE 02-10-2015 REPARACION MASSEY 398 | 450 | 21400 | 1.001,41 € |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| F/2015/2058 | 26/10/2015 | FRA. AA15001841 DE 30-09-2015 ARANDELA CARROCERO DE 10, DISCO FERODO E OUTROS | 450 | 21400 | 58,20 € |
| F/2015/2059 | 26/10/2015 | FRA. A15/1276 DE 21-10-2015 PRODUCTOS LIMPEZA COLEGIO AREAL | 3232 | 22110 | 93,71 € |
| F/2015/2060 | 26/10/2015 | FRA. A15/1267 DE 20-10-2015 PRODUCTOS LIMPEZA AREA RECREATIVA SAN ANDRES | 920 | 22110 | 129,30 € |
| F/2015/2061 | 26/10/2015 | FRA. A15/1277 DE 21-10-2015 PRODUCTOS LIMPEZA PARA GUARDERIA | 3231 | 22110 | 46,26 € |
| F/2015/2062 | 26/10/2015 | FRA. A15/1275 DE 21-10-2015 PRODUCTOS LIMPEZA COLEGIO NICOLAS DEL RIO | 3232 | 22110 | 128,05 € |
| F/2015/2063 | 03/11/2015 | Fra. D01 10500 Roupa traballo Policia Local | 132 | 22104 | 1.016,40 € |
| F/2015/2064 | 29/10/2015 | Fra. 454/2015 Espectáculo ""Historias de amor, vida, guerra e case morte"" compañía Daboapipa 10-10-2015 | 334 | 22710 | 600,00 € |
| F/2015/2065 | 30/10/2015 | Fra. 554 de 29-10-15 Aluguer e montaxe dun escenario na plaza Floreal para festas patronais dias 13 e 14 agosto 2015 | 334 | 22710 | 726,00 € |
| F/2015/2066 | 30/10/2015 | Fra. 553 de 28-10-15 Aluguer e transporte de 300 sillas para Plaza Roja para día 9-08-15 | 334 | 22710 | 363,00 € |
| F/2015/2067 | 30/10/2015 | Fra. 555 de 30-10-15 Aluguer e montaxe das vallas antipanico e separadoras na Plaza Roja nas festas dia 16-08-15 | 334 | 22710 | 1.452,00 € |
| F/2015/2068 | 30/10/2015 | Fra. 152 de 29-10-2015 Pintado exterior pabellon municipal | 341 | 21200 | 2.299,00 € |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| F/2015/2069 | 03/11/2015 | Fra. 63223 de 30-10-15 Rodamentos para corredora | 341 | 22199 | 60,00 € |
| F/2015/2070 | 03/11/2015 | Fra. A/623 de 31-10-15 Horas camion-grua nidos avispa velutina | 920 | 22799 | 108,90 € |
| F/2015/2071 | 21/10/2015 | FRA. B96-2015 ACTUACION MUSICAL BLACK 17-10-2015 | 334 | 22710 | 180,00 € |
| F/2015/2072 | 26/10/2015 | FRA. 4/2015 de 24-10-15 Actuacion coro Infantil e Xuvenil Cantabile o dia 24-10-2015 | 334 | 22710 | 1.100,00 € |
| F/2015/2076 | 04/11/2015 | FRA. 004750215/00001248 DE 31-10-15 Gasoleo a matricula 7408JGN | 132 | 22103 | 103,01 € |
| F/2015/2077 | 04/11/2015 | FRA. 004750215/00001247 Gasoleo A varios vehiculos | 450 | 22103 | 372,46 € |
| F/2015/2078 | 04/11/2015 | FRA. 004750215/00001264 DE 31-10-15 Gasoleo A varios vehículos | 450 | 22103 | 891,56 € |
| F/2015/2079 | 04/11/2015 | Fra. 1.091.728 de 04-11-15 Tarjetones para biblioteca | 3321 | 22000 | 35,00 € |

TOTAL: **15.079,84 €**

**3.- APROBACIÓN DO DERRADEIRO PAGAMENTO DO ANO 2015 PARA A ESCOLA DE MÚSICA**

Acordos adoptados:

Primeiro.- Aprobar a xustificación dos gastos dende xaneiro ata xuño de 2015, a expensas da xustificación global que se deberá presentar antes do 15 de decembro.

Segundo.- Aprobar o gasto e comprometer o crédito por importe de 3.500,00 € na partida 334.489.00, e proceder ao pagamento suxeito ao establecido no punto sétimo do conveio que indica que o importe subvencionable é o 65 por 100, e que o gasto balance a final de ano deberá supoñer un mínimo de gastos por total de 43.076,92 €

**4.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN SOBRE RODAS**

Acordos adoptados:

Primeiro.- Conceder a subvención á Asociación sobre Rodas, segundo as seguintes estipulacións:
Obxecto da subvención: Actividades diversas
Exercicio: 2015
Importe gasto xustificado: 1.396,10€
Importe da subvencion: 1.300,00 €

Segundo.- Aprobar o gasto por importe de 1.300,00 euros e recoñecer as obrigas por importe de 1.300,00 € na partida 231.489.00.

Terceiro.- Aprobar a xustificación presentada no rexistro xeral con data 7 e 27 de outubro de 2015 (rex. entrada núm. 6278 e núm. 6688)

**5.- RECLAMACIÓN LIXO LOCAL SEN ACTIVIDADE INFORME 37.2015**

Acordos adoptados:

PRIMEIRO.- ESTIMA-LA reclamación dos interesados e dar de baixa os seguintes rexistros do Padrón fiscal da Taxa pola Recollida de Residuos en tanto se manteñan as circunstancias de non devengo da taxa

| Nº FIXO | COTA (€) |
|---|---|
| 253000647019 | 140,00 |

SEGUNDO.- ANULAR o seguinte recibo por non producirse o feito impoñible:

| Nº FIXO | ID. VALOR | EXERCICIO | COTA (€) |
|---|---|---|---|
| 253000647019 | 20153515022RL01R001384 | 2015 | 140,00 |

TERCEIRO.- RECOÑECER O DEREITO Á DEVOLUCIÓN das cantidades correspondentes os recibos anulados e que se atopen aboadas.

CUARTO.- COMUNICAR estes acordos á Excma. Deputación Provincial da Coruña para o seu coñecemento e a tramitación oportunos.

**6.- APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN Nº 1 (FINAL) DA OBRA URBANIZACIÓN DA RÚA PARALELA AO CAMPO DE FÚTBOL**

Acordos adoptados:

1.- Aprobar a certificación núm. 1 (final) da obra "Urbanización da rúa paralela ao campo de fútbol" por un importe de 40.656,00 euros, e o recoñecemento da obriga

2.- Aprobar a factura núm. C142 de data 16.09.2015 polo importe de 40.656,00 euros.

3.- Descontar do pagamento da factura anterior os importes sinalados no informe da Intervención

municipal, que ascenden a 1.084,49 euros.

4.- Remitir á Deputación Provincial a documentación que corresponda para os efectos xustificativos do cumprimento do Convenio núm. 8/2015 de data 09.01.2015.

5.- Notificar este acordo á empresa adxudicataria e ao director da obra.

6.- Dar traslado aos servizos municipais de Intervención e Tesourería; así como ao de Contratación.

**7.- ESCRITO PRESENTADO POLA EMPRESA JOSÉ M. PIÑEIRO LÓPEZ, S.L. RELATIVO AO PRAZO DE EXECUCIÓN DA OBRA MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS: BEREIXO-ERBELLÁS E OUTROS. AGADER 2014**

Acordos adoptados:

1.- Desestimar o recurso de reposición interposto pola empresa José M. Piñeiro López, S.L., confirmando a Resolución de Alcaldía núm. 457 de data 30.09.2015

2.- Notificar o presente acordo a D. José Carlos Piñeiro Castrillón, en representación da empresa José M. Piñeiro López, S.L.

**8.- INICIO DE EXPEDIENTE DE RESOLUCIÓN DE CONTRATO. OBRA ACONDICIONAMIENTO DA ÁREA RECREATIVA EN A MAGDALENA**

Acordos adoptados:

1.- Incoar o procedemento para acordar, si procede, a resolución do contrato de obras denominado "Acondicionamento da área recreativa en A Magdalena", polo importe de 32.100,00 euros e 6.741,00 euros de IVE (total IVE incluido: 38.841,00 euros).

2.- Incautar a garantía definitiva depositada pola empresa adxudicataria (Aval núm. 1000102XXXX) da entidade Banco de Sabadell, S.A. de data 04.05.2015 polo importe de 1.605,00 euros).

3.- Dar audiencia á empresa adxudicataria, á entidade avalista e á dirección de obra, por un prazo de dez (10) días naturais desde a notificación do presente acordo, para os efectos de que presenten as alegacións e documentos que consideren convenientes.

4.- Notificar o presente acordo á empresa adxudicataria, á entidade avalista e á dirección de obra.

**9.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº 493 DE 27.10.2015 DE ADXUDICACIÓN DA AMPLIACIÓN DO SISTEMA DE BICICLETAS DE USO PÚBLICO NO CONCELLO DE CEDEIRA**

Dase conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía nº 493, de 27.10.2015.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

**10.- ASUNTOS VARIOS**

10.1.- DAR CONTA DO DECRETO DE ALCALDÍA NÚM. 496 DE 28.10.2015 DE ADQUISICIÓN DE UNIDADES DE MADERA PARA COLECTOR DE RESIDUOS-PLÁSTICOS-PAPEL. FCA2015

Dase conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía de data 28.10.2015.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás once horas e vintecinco minutos do expresado día.